



Sr. Alcalde Presidente do
Concello de Vigo

LEVANTAMENTO DE ACTAS PREVIAS Á OCUPACIÓN DOS BENS E DEREITOS
EXPROPIADOS POLA EXECUCIÓN DO PROXECTO LMTS SDM711 E
SUBSTITUCIÓN CT AVENIDA AEROPORTO VIGO 543"

De acordo co establecido no artigo 52.2 da Lei de 16 de decembro de 1954, de expropiación forzosa, achégolle a resolución pola que se convocan aos afectados pola execución da instalación eléctrica denominada LMTS SDM711 e substitución CT Avenida Aeroporto Vigo 543, para o levantamento das ACTAS PREVIAS Á OCUPACIÓN o día **28 de febreiro de 2024**, a partir das **12 horas** sobre o terreo.

A resolución deberá estar exposta ao público no taboleiro oficial de anuncios dese concello durante un prazo de oito días, debendo certificarse as datas de comezo e remate da exposición ao público, e achegar as alegacións que se produzan a este servizo territorial de Vigo.

Segundo o disposto nos artigos 52 da Lei de expropiación forzosa e 57 do regulamento de 26 de abril de 1957, as actas previas á ocupación levantaránse sobre o terreo, e deberá concorrer vostede como alcalde ou un concelleiro en quen delegue mediante o correspondente decreto. Posteriormente redactarase a acta definitiva na sala da casa do concello que vostede dispoña.

A directora territorial

Beatriz López del Olmo

(Asinado en Vigo por sinatura dixital certificada na data que se indica na marxe)



Resolución do Departamento Territorial de Pontevedra, pola que se anuncia o levantamento das actas previas á ocupación dos bens e dereitos afectados pola instalación eléctrica denominada LMTS SDM711 e substitución CT Avenida Aeroporto Vigo 543, no concello de Vigo, do que resulta como beneficiaria a empresa UFD Distribución Electricidad, S.A., (expediente IN407A 2022/223-4).

A instalación denominada LMTS SDM711 e substitución CT Avenida Aeroporto Vigo 543 foi declarada de utilidade pública mediante resolución do Departamento Territorial de Pontevedra do 30 de setembro de 2024, o que leva implícita a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados, tendo a condición de beneficiaria a empresa UFD Distribución Electricidad, S.A..

Segundo o disposto no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa e no art. 56.1 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, comunícase que o día **28 de febreiro de 2024**, a partir das **12** horas, terá lugar sobre o terreo o levantamento das ACTAS PREVIAS Á OCUPACIÓN dos bens e dereitos contidos na relación de predios que se expón xunto con esta resolución e no taboleiro de edictos do concello de Vigo.

Os interesados recibirán unha notificación individual coa debida antelación legal, na que se lle comunicará a data e a hora na que deberán presentarse nas súas fincas, informándolles de que poderán ir acompañados por un perito ou un notario, pola súa conta, se así o consideran conveniente.

A directora territorial
Beatriz López del Olmo
(Asinado en Vigo por sinatura dixital certificada na data que se indica na marxe)

LMTS SDM711 e substitución CT Avenida Aeroporto Vigo 543							
Nº	Referencia catastral	Paraxe	Titular	Nº apoio	m2 solo	ml sub	m2 subsolo
1	54057A030000670000AB	Albitez	Hros. Manuel Alonso Vilaboa	CT	13,92	16	27,45

